



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na inauguración da exposición AQUELES PRIMEIROS ANOS (1981-1989)

Parlamento de Galicia, 4 de xullo de 2011 // 11,30 horas

Presidente da Xunta de Galicia
Ex presidente da Xunta de Galicia
Ex presidente do Parlamento
Alcalde de Santiago
Membros da Mesa do Parlamento e portavoces dos grupos parlamentarios
Excelentísimas e ilustrísimas autoridades
Deputados e ex deputados do Parlamento de Galicia
Señoras e señores:

Benvidos ao Parlamento de Galicia, que é a casa de todos nós; a casa de todas as galegas e os galegos. Quero agradecerlles, en primeiro lugar, que nos acompañen coa súa presenza e que compartan con nós este acto. Unha celebración á que queremos darlle un significado especial.

Especial polo que significa o ano 2011 na historia da primeira institución de Galicia.

Tras a implantación da democracia en España, e amparado pola Constitución de 1978, o primeiro Parlamento de Galicia constituíuse en Santiago de Compostela o 19 de decembro de 1981 no Pazo de Xelmírez.

Xa que logo, a nosa institución celebra neste 2011 o seu 30 aniversario, e por ese motivo estamos a desenvolver un programa conmemorativo para resaltar tan destacada efeméride.



Desde que tiven a honra de acceder á Presidencia desta Cámara, quen me coñece un pouco sabe do meu especial interese e a miña fonda preocupación por impulsar e favorecer ao máximo o achegamento dos cidadáns ao Parlamento.

A ninguén lle pode estrañar, polo tanto, que ese sexa precisamente o *primeiro obxectivo* desta conmemoración, coa sede do pazo do Hórreo como protagonista, como principal referencia para acoller a maior parte das actividades organizadas.

O noso programa conmemorativo ten a concordia como bandeira e concepto de referencia. A concordia ben entendida como unha relación de persoas en harmonía e respecto, máis aló das súas diferenzas de criterios e das súas posturas ideolóxicas afastadas.

E tamén é unha conmemoración deseñada coa sobriedade e a austeridade que require o momento actual, aínda que tamén coa dignidade que esixe unha celebración tan significada para o propio Parlamento de Galicia.

Dentro destas actividades conmemorativas que estamos a celebrar enmárcase a exposición retrospectiva que inauguramos hoxe e que imos ver a continuación, "Aqueles primeiros anos 1981-1989".

O Parlamento de Galicia converteuse desde o momento da súa constitución, da que fará pronto 30 anos, no eixe central da vida política galega.

Nesta Cámara foi onde se fraguaron naquela época os grandes consensos que permitiron a aprobación das leis básicas emanadas do noso Estatuto de autonomía de 1981. Unhas leis esenciais que permitiron á nosa Comunidade ir medrando pouco a pouco no seu autogoberno, na súa autoestima e tamén no seu benestar, malia todas as dificultades do momento presente.



Aqueles primeiros anos do noso Parlamento están hoxe practicamente esquecidos, pero foron moi intensos e ricos en vivencias, e resultaron decisivos no noso devir para a estruturación e o posterior desenvolvemento autonómico.

A nosa memoria é feble e por iso esquecemos con moita facilidade feitos que deberían permanecer imperecedoiros no recordo colectivo.

Por ese motivo pensamos que este era xa o momento e o marco ideal para rescatar e poñer en valor os feitos e as vivencias máis salientables das dúas primeiras lexislaturas, que configuran claramente a primeira etapa do Parlamento de Galicia desde unha perspectiva histórica, que remata coa chegada de Manuel Fraga.

Así xurdiu a preparación desta mostra gráfica, que pretende ser unha ollada repousada e amable, pero tamén rigorosa e fiel, dos acontecementos máis significativos que tiveron o Parlamento de Galicia como protagonista destacado.

Afondar no coñecemento da nosa historia recente e, particularmente, no exemplo dado polos devanceiros que nos precederon nas tarefas parlamentarias pode e debe contribuír á concordia da que falaba antes. E, igualmente, pode e debe axudar a construír a Galicia do presente e do futuro.

Esta mostra tamén pretende ser un acto de homenaxe en recordo dos deputados e das deputadas das dúas primeiras lexislaturas do Parlamento de Galicia, que nos deixaron o listón moi alto, co seu traballo arreo naqueles difíciles comezos da nosa primeira institución pública.

Co permiso e a comprensión de todos vostedes, permítanme personalizar eses bos sentimentos nas persoas do primeiro presidente do Parlamento de Galicia, Antonio Rosón Pérez, quen morreu coas botas postas naqueles anos. E do primeiro



presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor, a quen temos a sorte de ter aquí connosco neste acto.

Uns bos sentimentos que fago extensivos, naturalmente, a todos os deputados e as deputadas que compartiron escanos, alegrías e desgustos en Xelmírez, en Fonseca e nesta sede definitiva do noso Parlamento, no pazo do Hórreo.

E permítanme tamén render unha homenaxe moi especial a través das figuras simbólicas das catro mulleres que están aquí, entre nós (en cadansúa fotografía da época), e que foron as pioneiras da Cámara galega.

Rosa Gómez Limia, Emma González Bermello, María do Carmen Lovelle Alén e Flora Veiga Aldariz, esta última xa finada, foron as únicas deputadas que se abriron un oco pequeniño naquelas dúas primeiras lexislaturas.

Para elas o meu sentido recoñecemento como alicerces do proceso de construción do noso armazón institucional, e tamén como pioneiras da presenza da muller nas institucións, hoxe felizmente normalizada. Ninguén debe esquecer que elas foron as primeiras.

Con carácter xeral, nas 15 figuras a tamaño natural que forman parte da mostra, queremos plasmar de xeito moi gráfico a nosa homenaxe colectiva a todos os deputados e as deputadas que pasaron pola Cámara galega nos anos 80 e que, por razóns obvias, non puidemos recrear de forma individualizada.

Calquera selección sempre é difícil, pero creo que esta representación é significativa daquela época.

Para todos eles, para os 162 deputados e deputadas de entón, o noso recoñecemento e a nosa admiración e agradecemento polo bo traballo feito en momentos non sempre doados.



Antes de terminar a miña intervención, quero expresar o meu agradecemento ás persoas que dun ou doutro xeito contribuíron a que esta mostra tomase finalmente a forma debida, comezando polo seu coordinador xeral, Rafael López Torre (a quen agradezo as súas palabras) e a cantos colaboraron con el nos complexos labores de documentación, redacción, deseño, produción e execución material, onde tivo un especial protagonismo o persoal desta casa ao que, como sempre, dou a grazas máis sentidas.

Un agradecemento que fago extensivo ás persoas e entidades que nos cederon algúns materiais valiosos de xeito desinteresado, e que teño que personalizar en Radio Televisión Española; o debuxante e caricaturista Siro López, e os xornais *Diario de Pontevedra*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo* e *El Correo Gallego*. A todos eles o meu recoñecemento e sincero agradecemento.

E máis nada pola miña parte que subliñar que esta exposición ten una vocación claramente didáctica, e tamén de permanencia. Por ese motivo, con independencia da invitación aberta que dirixo desde aquí a todos os galegos e as galegas para que se acheguen ata o Parlamento, e a súa historia, esta mostra será obxecto dunha promoción e difusión especiais entre a nosa comunidade escolar no próximo curso.

Esperamos e desexamos que lles guste. Por iso vos convido a percorrela connosco ao final deste acto.

Moitas grazas.